

EDICTO

Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local (Decreto de alcaldía
2.583/2015 de 17 de Xuño)

Por Decreto de alcaldía nº 2.583/2015, de 17 de Xuño noméanse os membros da Xunta de Goberno Local do que se deu coñecemento ó Pleno do Concello na súa sesión extraordinaria do 23 de Xuño de 2015.

En conformidade cos artigos 13 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro e 43,44 e 114 e seguintes do Real Decreto 2586/1986, do 28 de Novembro, faise público mediante este edicto o contido das resolucións tomadas:

“Primeiro.- Nomear os membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes Concelleiros:

- D^a. M^a José Varela Neira
- D^a. Margarita Figueroa Vázquez
- D. Ignacio A. Crespo López
- D^a. M^a Teresa Vázquez Maseda
- D^a. Esther I. Garrido Pan
- D. Rodrigo Lopez Piquin

Segundo.- Corresponderá a Xunta de Goberno Local, así integrada, e baixo a presidencia desta Alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións, así como as que lle delegue calquera órgano municipal ou expresamente lle atribúan as leis.

Terceiro.- Notificar a presente resolución as persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

Cuarto.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Sexto.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día seguinte a data da presente resolución.

Sétimo.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local con carácter quincenal, os segundos e cuartos Martes de cada mes, as 13:30 horas en primeira convocatoria e as 14:00 en segunda convocatoria.

Oitavo.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer os seguintes recursos:

a)- Con carácter potestativo un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LPAC).

b)- Directamente contra esta resolución poderase interpoñer un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.”

OLEIROS, 30 de xuño de 2015

O alcalde

Ángel García Seoane

